



Federación Galega
de Caza

Gabinete de Comunicación



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

A Federación Galega de Caza firma un acordo con GAES Centros Auditivos

A Federación Galega de Caza ven de firmar a semana pasada un acordo de colaboración con GAES Centros Auditivos, empresa líder en corrección auditiva en España, para promover a saúde auditiva entre os cazadores. A exposición a altos niveis de ruído no traballo ou en actividades de ocio, como nalgúns modalidades de caza, poden provocar trastornos auditivos se non se toman as medidas de prevención axeitadas.

Grazas a este acordo, os afiliados da Federación Galega de Caza poderán realizar en calquera Centro GAES unha revisión auditiva anual e obter un desconto do 20% na compra de audífonos ou bifonos. Trátase de manter unha boa prevención xa que sobre todo nalgúns disciplinas de caza (olleos de perdiz) e tiro deportivo (percorridos de caza) o cazador pode expoñerse a ruídos que poden chegar a alcanzar os 85dB, un nivel que supera o límite de 65dB establecido como aceptable pola Organización Mundial de la Salud (OMS).



A perda de audición é un problema de saúde que pode chegar a condicionar a vida das persoas que a padecen se non se pon en mans dun especialista. Algúns dos primeiros sinais que poden indicar que unha persoa padece problemas de audición maniféstanse en situacións do noso día a día, como non poder seguir unha conversa, pedir que nos repitan as palabras a miúdo, ou incluso escoitar a televisión ou a radio moi altas.

Calcúlase que en España un 8% da poboación sofre problemas auditivos, sen embargo, un 50% non realizou nunca unha revisión auditiva, segundo estudos realizados por GAES. En Galicia, as cifras existentes reflicten que máis de 220.000 persoas poderían padecer problemas de audición.

A perda auditiva afecta en maior medida a persoas maiores de 55 anos, aínda que os expertos alertan que nos últimos anos converteuse nun problema de saúde que vai en aumento entre os máis xóvenes. Os altos niveis de ruído aos que estamos expostos no noso día a día, ou hábitos como escoitar música con auriculares a un volume elevado, son algunhas das causas que indican os especialistas.

Por todo isto, os expertos insisten na necesidade de que revise o oído periodicamente, acudindo a un especialista otorrinolaringólogo ou a un centro especializado.

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 - 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>